



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN Expediente: 1/2021

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

M^a Olga Iglesias Fontal

VOGAIS:

Miguel Ángel Cela González

Josefina Pereira de la Riera

Antonio J. López Acuña Herrero

SECRETARIA:

Lucía Belver Quiroga

Na cidade de Lugo, o día **31 de marzo de 2022**, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, reunido e constituído polas persoas que á marxe se relacionan, adoptou a seguinte

RESOLUCIÓN:

Visto no día da data o expediente número **1/2021** para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **COTARELO**, no concello de **SARRIA**, iniciado por acordo do xurado do 11.1.2021, do que é instrutor Miguel Ángel Cela González, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Na sesión do 11.1.2021 iníciase o expediente 1/2021, a instancia de Adela Fernández Armesto, veciña da parroquia de Nespereira. Na mesma sesión, o vogal Miguel Ángel Cela Gonzalez é designado instrutor do expediente.

Segundo.- O día 5.7.2021 solicítase ao Servizo de Montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, unha certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de Lugo.

Terceiro.- O día 12.7.2021, o Servizo de Montes emite certificación na que consta que o monte Cotarelo non figura incluído no catálogo dos de utilidade Pública da provincia de Lugo.

Cuarto.- O día 7.7.2021 é enviada unha solicitude ao Rexistro da Propiedade de Sarria para que informe do seguinte:

- Certificación dos asentos que poidan afectar aos terreos obxecto de clasificación, con indicación do nome das persoas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos.



- Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

Quinto.- O día 6.8.2021, ten entrada un escrito da rexistradora da propiedade de Sarria mediante o que solicita máis información sobre os predios obxecto deste expediente.

Sexto.- O día 17.11.2021 é enviada unha mellora da solicitude ao Rexistro da Propiedade de Sarria ca finalidade de que emita os certificados indicados no antecedente cuarto.

Sétimo.- O día 18.11.2021 notificaselle á solicitante da clasificación a suspensión do prazo para resolver polo tempo que medie entre a petición e a recepción do informe solicitado ao Rexistro da Propiedade de Sarria.

Oitavo.- Na sesión do 20.12.2021, o Xurado Provincial de Clasificación de MVMC acorda una ampliación do prazo de resolución por 9 meses máis. Este acordo é notificado á promotora do expediente o día 12.1.2022.

Noveno.- O día 20.1.2021 ten entrada unha certificado do Rexistro da Propiedade de Sarria de que non figuran inscricións das parcelas catastrais obxecto de clasificación.

Décimo.- O día 1.2.2022 comunícase a iniciación do expediente ao Servizo de Montes, con indicación do prazo para presentar alegacións.

Décimo primeiro.- O día 1.2.2022 comunícase a iniciación do expediente a Adela Fernández Armesto, solicitante da clasificación, con indicación do prazo para presentar alegacións.

Décimo segundo.- O día 1.2.2022 comunícase a iniciación do expediente a Francisco J. López Somoza, como presidente da comunidade de San Xulián de Chorente, debido a que as parcelas obxecto de clasificación teñen como titular catastral a CMVMC San Xulián de Chorente.

Décimo Terceiro.- O día 1.2.2022 envíaselle unha comunicación ao Concello de Sarria da iniciación do expediente e remíteselle un edicto para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume da parroquia onde radica a comunidade do monte.

Décimo Cuarto.- O día 2.2.2022 comunícase a iniciación do expediente ao Rexistro da Propiedade de Sarria e solicítase a anotación preventiva a favor da comunidade dos veciños dos lugares da Lama, Airexe, A Caseta, Rivas e A Casanova.



Décimo quinto.- O día 4.2.2022, comunícaselle á Xerencia Territorial do Catastro a iniciación do expediente coa identificación da referencia catastral obxecto da clasificación.

Décimo sexto.- O día 14.2.2022 sae publicado o anuncio no DOG, mediante o que se fai público o inicio do expediente de clasificación de Cotarelo así como a apertura dun prazo para presentar alegacións.

Décimo sétimo.- O día 3.3.2022 envíaselle ao alcalde pedáneo de Nespereira unha notificación relativa ao dereito de elección de dúas persoas que poderán asistir (con voz pero sen voto) á reunión do xurado na que se estude o expediente do monte Cotarelo.

Décimo oitavo.- O día 2.3.2022 ten entrada un escrito de alegacións, asinado por Adela Fernández Armesto, no que expón o seguinte:

- Que procede clasificar as 19,09 hectáreas de terreo descritas na solicitude.
- Que a totalidade dos terreos solicitados foron e son aproveitados polos veciños da Lama, Airexe, A Caseta, Rivas e Casanova sen oposición por parte da comunidade de Chorente.
- Que o MVMC Chorente inclúe erroneamente, dentro do seu perímetro, terreos que lle corresponden á comunidade solicitante.

Décimo noveno.- O día 10.3.2022 ten entrada unha comunicación na que se identifica aos representantes que asistirán á reunión do xurado na que se estude o expediente de Cotarelo. Asistirán: Adela Fernández Armesto e Celestino Regueiro Feijoo.

Vixésimo.- O día 11.3.2022 ten entrada unha certificación do Concello de Sarria que acredita que tivo lugar exposición pública solicitada.

Vixésimo primeiro.- O día 24.3.2022 recíbese do Rexistro da Propiedade de Sarria unha certificación da práctica da anotación preventiva solicitada.

FUNDAMENTO DE DEREITO

1. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente. Esta competencia élle atribuída polo artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
2. De acordo co artigo 1º da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, ou seu



aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen á agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.

3. Examinada a documentación do presente expediente, e tendo en conta as alegacións presentadas, realízanse as seguintes consideracións:

1º.- Os terreos obxecto da solicitude de clasificación forman parte das parcelas coas seguintes referencias catastrais: 27057A03600734 e 27057A03600825, cun total de 265.264 m².

Unha parte importante da superficie solicitada (19,09 has) solábase con superficie clasificada como MVMC de Chorente por resolución do xurado do 17.12.2009.

O artigo 13 da Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común (en adiante Lei 13/1989), no relativo aos **efectos das resolucións de clasificación de montes veciñais en man común** ditadas polo Xurado, establece:

"A resolución firme de clasificación dun terreo como monte veciñal en man común..., producirá os seguintes efectos:

*- **Atribuír a propiedade á comunidade veciñal correspondente, en tanto non exista sentenza firme en contra, ditada pola xurisdición ordinaria.***

*- **Servir de título inmatriculador suficiente para a inscrición do monte no Rexistro da Propiedade...**".*

Polo tanto, a resolución de clasificación é título acreditativo da propiedade e só poderá acudirse á vía xurisdiccional civil no caso de que se reclame unha propiedade distinta da recoñecida no acordo de clasificación, sen prexuízo de que os montes que estean sen deslindar poidan levar a cabo unha redefinición dos seus perímetros polos procedementos establecidos para elo.

Por outra banda, tampouco cabe esquecer que as ditas resolucións tamén veñen amparadas pola **presunción iuris tantum da legalidade dos actos administrativos** ou tamén chamada presunción de lexitimidade do acto.

Deste xeito, como regra xeral, todos os actos administrativos emanados dun dos poderes xurídicos do Estado teranse por válidos e produtores de eficacia xurídica, en tanto o interesado non demostre a súa invalidez ante a xurisdición ou órgano competente.

Do mesmo xeito, e en relación cos *lindes descritos* nos expedientes de clasificación dos montes a Xurisprudencia se ten pronunciado no xeito de entender:



<<que si bien tanto la atribución de la previa titularidad dominical realizada por el Jurado Provincial **COMO LA DESCRIPCIÓN QUE DEL MONTE SE HAGA CONSTAR EN EL ACUERDO CLASIFICATORIO** no pueden ser jurisdiccionalmente sobrestimadas pero **TAMPOCO PUEDEN SER IGNORADAS POR COMPLETO**, teniendo en cuenta que en el proceso en que se diriman ya la propiedad del monte ya su extensión y linderos HA DE PARTIRSE DEL CONTENIDO Y FORMALIDAD DEL ACUERDO CLASIFICATORIO QUE PERSISTE A LO LARGO DEL PROCESO EN TANTO NO EXISTA SENTENCIA FIRME EN CONTRA (art. 13 da LMVMC de Galicia), con base a la presunción iuris tantum de exactitud y acierto que cabe aplicar a los actos clasificatorios del Jurado (sentencias TSJG de fechas de 27/02/2000, 30/04/2002, 20/02/2003, 04/11/2004, 17/03/2005, 22/03/2007).>>

E por todo o anterior, non procede incluír neste procedemento de clasificación os terreos xa clasificados para o MVMC de Chorente, sen prexuízo dun posterior deslindamento entre os monte para redefinir a liña divisoria entre eles, de acordo co procedemento establecido no artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

2º.- Por outra banda, e respecto a superficie das parcelas catastrais citadas que non aparecen clasificadas como MVMC de Chorente, o certo é que hai que ter en conta que os inmobles nos que está incorporada aquela tamén aparecen no Catastro Inmobiliario como de titularidade da comunidade de San Xulián de Chorente.

Respecto delas deuse traslado da solicitude de clasificación realizada á comunidade propietaria do dito monte e non presentou alegación algunha.

Neste punto cabe indicar que se ben os datos catastrais gozan de presunción de veracidade segundo o establecido no artigo 3.3. do Real Decreto Legislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario (en adiante RDL. 1/2004), o feito de que a comunidade que aparece como titular naqueles non amosara desconformidade coa clasificación do MVMC de Cotarelo respecto destes terreos e o feito de que os dous montes estean sen deslindar, implica que non existe ningunha causa para non clasificar aqueles segundo o solicitado.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man común **RESOLVE:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte coas seguintes características:

Nome:	Cotarelo
Pertenza:	Veciños da Lama, Airexe, A Caseta, Rivas e A Casanova
Parroquia:	Nespereira
Concello:	Sarria
Superficie:	9,35 hectáreas



Na seguinte táboa, indícanse as referencias catastrais das parcelas obxecto de clasificación así como das estremeiras:


Parcela obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras	
27057A03600734 (parcialmente) 27057A03600825 (parcialmente)	Norte	27057A03600734 (parcialmente)
	Leste	27057A03600734 (parcialmente)
		27057A03600825 (parcialmente)
	Sur	27057A03600765
	Oeste	27057A03600765
27057A03600759		
27057A03609007		
27057A03609006		

Lugo, 31 de marzo de 2022

Os membros do xurado

Asinado por: FRAGA SAENZ SANTIAGO
Cargo: Xefe Área Técnica MVAC e Ordenación de Montes
Data e hora: 17/03/2022 13:23:40

Asinado por: CELIA GONZALEZ MIGUEL-ANGEL
Cargo: Xefe do Servizo
Data e hora: 22/03/2022 13:21:21



		CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR Departamento Territorial de Lugo Servizo de Montes		
Plano de: Carpeta_Sarria_2019_44 Proposta de clasificación do monte veciñal en man común de Cotarelo (Nespereira-sarria)		Monte: Cotarelo Pertenza Veciños de A Lama, Airexe, A Caseta, Rivas e A Casanova Superficie solicitada 19,1 Ha Superficie proposta 9,35 Ha		Municipio: Sarria
Escala: 1:6.000	Plano 2. Monte proposto e monte de Chorente clasificado	Visto e prace O xefe de Servizo de Montes (asinado dixitalmente)	O xefe de área Lugo, 18 de setembro de 2020 (asinado dixitalmente)	

CVE: VMACIKU37kb1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>

